



I XORNADAS GALEGAS
DA EDICIÓN INDEPENDENTE

Comunicado de Prensa

Organización das
I Xornadas da Edición Independente

Carlos Figueiras

Teléfono: (0034) 667287066

E-mail: estaleiroeditora@gmail.com

Enderezo web: www.estaleiroeditora.org

Estaleiro Editora e Corsárias organizan as I Xornadas Galegas da Edición Independente.

Estaleiro Editora e Corsárias organizan as I Xornadas Galegas da Edición Independente. As presentacións, palestras e debates realizaranse na Biblioteca Ánxel Casal de Santiago de Compostela entre 2 e 5 de Marzo. Cada jornada constará de dúas sesións diarias, a primeira ás 17h00 e a segunda ás 19h00 da tarde. As I Xornadas Galegas da Edición Independente finalizarán cunha festa chea de música, teatro e sorteos que se celebrará o venres día 5 de Marzo, ás 22h30, no Bar As Dúas.

As entidades organizadoras das xornadas pretenden crear un espazo anual en que os axentes da edición independente galega poidan reflexionar sobre o estado do sector, sobre as súas estruturas e sobre as súas dinámicas de funcionamento. O evento será, para lograr estes obxectivos, un lugar de encontro entre editoras independentes, asociacións culturais con produción editorial, escritores e consumidores. No evento, os diferentes axentes da edición independente galega poderán participar en mesas de debate, conferencias e presentacións de materiais con outros editores de Portugal, Euskadi e Madrid.

A continuación disponibilizamos o **programa completo** das xornadas:

Data	Hora	Actividade	Participantes
Martes, día 2 de Marzo	17h00	Presentación do monográfico <i>A civilización enferma</i> .	Colectivo Ren de Ren.
	19h00	Mesa redonda: «A paisaxe indefinida. Edición independente na Galiza».	Paco Macías (director de Edicións Positivas), Miguel R. Penas (director da Através Editora — Associação Galega da Língua—), Tomás González Ahola (integrante de Urco Editora), Pepe Arias (director do proxecto Corsarias), Carlos Figueiras (integrante de Estaleiro Editora).
Mércores, día 3 de Marzo	17h00	«Filosofía e cultura libre», presentación dos libros: <i>Outro xeito de ser</i> . <i>Introdución ao pensamento de Gianni Vattimo e Da revolta italiana á potencia da multitude. Introdución ao pensamento de Toni Negri</i> (Estaleiro Editora, 2010).	Brais Arribas e Abraham Rubín, autores das obras e integrantes do proxecto Derriba.
	19h00	Mesa redonda: «Fotocopia e difunde. Traballar con licenzas libres».	Fran del Buey (colectivos PreSOS Galiza, Universidade Popular e Fundación Sen Esquencer), Noel Feáns (xurista e responsable da Regueifa Plataforma), BK (integrante da organización das Xornadas pola Cultura Libre de Vigo).
Xoves, día 4 de Marzo	17h00	Palestra: «Panorama da edición independente en Portugal».	Júlio Gomes, proxecto Gato Vadio (libraría/café-bar, Porto).
	19h00	Mesa redonda: «Sabotaxe na fronteira. Arte e subversión na Galiza contemporánea».	Pablo Andrade (colectivo Maribolheras Precárias, García, (activista e membro do Colectivo Hip Hop Dios Ke Te Crew), Suso Samartim (humorista gráfico e activista ludo-reintegracionista e ridiculista), Isaac Lourido (investigador).
Venres, día 5 de Marzo	17h00	«A indispensábel intransixencia. Loitas antidesenvolvementistas en Euskal Herria». Presentación do libro <i>Los pulsos de la intransigencia</i> (editado por Muturreko Burutazioak).	Juantxo Estebaranz (autor da obra).
	19h00	«Actualidade do surrealismo». Presentación da revista <i>Salamandra</i> e do xornal <i>El Rapto</i> .	José Manuel Rojo, membro do Grupo surrealista de Madrid.
	22h30	FESTA FIN DE XORNADAS (Bar As Dúas, Praza da Oliveira)	Música: Urro (experimental), Ariel Ninas (zanfona electroacústica, ruídos e improvisación). Lectura dramatizada de <i>Razóns de peso</i> (Estaleiro Editora, 2010) de Clara Gayo a cargo de Pinguela Teatro. (Haberá sorteos de libros)